

ENTREVISTA A SABINO TORRES, POETA E EDITOR

RICARDO ALCANTARILLA

Esta conversa con D. Sabino Torres tivo lugar o 6 de maio do ano 2000. Velá a reprodución:

Madrygal. – A infancia

Sabino Torres. – Ingresei na Preparatoria do instituto no ano 35. Os meus recordos son bastante tristes nese aspecto porque dos profesores meus da Preparatoria –don Paulo Novás e don Gonzalo Martín– foron fusilados. Entón, a verdade é que aquilo –nunha mentalidade de neno– non o entendes e, sobre todo, porque non che daban unha explicación.

Despois xa nos liamos no mundo da guerra. Recordo que, estando nun instituto, Madrid debeuse tomar dunha maneira simbólica corenta veces. Recordo que estabamos nunha clase no ano 36 ou 37 e, de pronto, un tiña ganas de terminar a clase, empezaba a gritar: «Tomaron Madrid». E saíamos todos. Acabábase a clase.

Unha vez que meu pai na casa comentou: «Que horror, hai algúns esaxerados que din que a guerra vai durar dous ou tres anos». Non tiña sentido. E eu, eses anos de guerra –como todos os rapaces– á marxe de todo eso, xogando aos soldados, facendo cousas que facían todos os rapaces. Ademais, teño moita xente ilustre no corpo de bacharelato: Pío Cabanillas, Rafael Alonso, Carlos Otero... Estamos todos xubilados –os que aínda vivimos– porque todos estes rapaces teñen setenta e tantos anos. Había un equipo bastante bo de rapaces.

Cando a guerra o instituto pechouse en parte. A parte de arriba deixárona para hospital de guerra e todos os demais estabamos no piso de abaixo, separados os homes das mulleres. Había dous institutos, o masculino e o feminino, fíxate cómo sería aquilo... Empezamos a ir á biblioteca, empezamos a des-

cubrir primeiro uns poucos discos na biblioteca, onde recitaban poetas importantes de bastantes épocas.

Coñecín máis tarde –despois dos anos corenta– á familia Valle-Inclán, que foi vivir a Pontevedra, porque fun amigo da máis nova, María Antonia. Empezamos nese momento o noso quefacer literario. Foi no ano corenta e dous. Eu fago un *Anuario* de Pontevedra (durante dous anos) que dirixio cando tiña dezaioito anos. Aí coñecín tamén a Cuña, despois da guerra, porque Cuña estivo na guerra en Ciudad Real. Apareceu en Pontevedra e xa nos fixemos amigos.

M. – ¿Estaban no *Anuario* eles?

S. – É unha cousa curiosa porque nesa publicación está o primeiro artigo que escribiu Ferreiro en Pontevedra. Ferreiro chegou no ano corenta e dous, coñecíno e pedílle un artigo. Ese artigo (publicado máis tarde noutro sitio) fala dos soportais de Pontevedra, da súa chegada.

Eso é un pouco o inicio. Despois veu a revista *Finisterre* que fixo Emilio Canda, con Celso Emilio como redactor xefe, no ano corenta e tres. Aí participei dunha maneira indirecta porque se fixo na miña casa –no obradoiro do meu pai– e eu colaboraba bastante nos labores de montaxe con Canda. Axudaba na corrección de probas, organización máis que nada e as clásicas pequenas cousiñas.

Eu paseime toda a vida escribindo e creo que firmei unha ducia de artigos, nada máis, en todos os meus anos. De catro anos de director de *Ciudad*, hai tres ou catro artigos firmados, os demais son todos con seudónimos –tiña catorce– ou sen firmar. Non sei por qué non me gustaba ver o meu nome na letra impresa.

Estiven na revista *Finisterre* e nun pequeno semanario de deportes chamado *Semana Deportiva* que

eu editaba. Despois no semanario *Ciudad*, no ano corenta e cinco.

Cuña, Negreira, Nóvoa Gil, José Luis Peláez... formamos un grupo, que capitaneaba Celso Emilio Ferreiro como redactor xefe, con inquietudes para participar na vida da cidade (vida monopolizada daquela no eido cultural por don Xosé Filgueira Valverde). Vida coa que nós estabamos en contra, como sempre corresponde á xuventude.

As persoas que en Pontevedra tivesen unha importancia na política ou na cultura, foron sempre marxínandonos totalmente. Eles nunca nos axudaron e eu sempre lles fixen reproche a todos eles.

Eso foi un pouco a nosa xuventude. Nós eramos moi cáusticos, metiámonos con todo o mundo, faciamos un periodismo local moi crítico e –como nas cidades está todo mesturado economía, socioloxía, oficialidade– tivo moitos problemas meu pai. Entón un día cansouse e cerrou o periódico. Sen o periódico, seguimos escribindo e creamos Benito Soto. Aí empeza a segunda etapa.

M. – ¿Que é «Benito Soto»?

S. – Benito Soto era un pirata da Moureira que viviu na metade do século XIX. Tiña unha maneira de traballar moi de pirata, era un asasino pero era un bo pirata, tiña un equipo bastante interesante.

Quixemos facer unha biografía do pirata. Ferreiro ía narrar a navegación, foi unha pena que non se fixese. Puxemos todos os papeis que preparáramos nas mans de Castroviejo e fixo un libro malísimo, tendo en conta o material que lle demos que era a *Burla negra*, a primeira biografía de Benito Soto. Démoslle todo, os barcos apresados, as familias, inventáramos unha historia de amor...

Teño unha ligación moi estraña con Benito Soto, porque a miña avoa vivía nunha casa de Pontevedra que, ó facer unha estrada, expropiaron. Nesa casa atopouse o tesouro de Benito Soto. É certo que estivo en Pontevedra, descargou parte dos seus apresamentos, pola noite, na ría de Aldán. Empezaron a correr rumores e Benito Soto foi á Coruña terminar de descargar. Benito Soto tiña un parente en Poio –un primo que era monxe– e, en acción de grazas por salvado dos piratas, rezaron o «Te Deum», en onde asistiron todos os piratas en acción de grazas por salvar a vida.

Benito Soto desembarcou en Pontevedra o seu botín. Hai unha casa, onde tivemos a imprenta, ó lado do teatro, que agora hai unha plaquiña que

recorda a colección Benito Soto. Os propietarios desa casa din que alí debía estar o tesouro e, cando a venderon ó concello, puxeron unha cláusula pola que se aparecese era deles.

O tesouro foi metido nun arcón cheo de moedas e deixouse onde desembarcan: na casa da miña avoa. Cando se destrúe esa casa para facer a estrada, o contratista das obras da estrada desapareceu uns días e, despois, volveu millonario a Portugal. A casa tiña un gran portalón, cun adro. Nese adro, no que entraban ata os cabalos, había unha gran pedra cunha argola que usaban para atar os cabalos e din que alí é onde apareceu o tesouro. Esa é a miña ligazón con Benito Soto, pirata.

Nós, cando fixemos a colección de versos, chamouse «Benito Soto», porque era unha colección pirata, porque non pretendiamos nin pasar censura... Ferreiro –era como un irmán maior– foi gran animador. Como todo o mundo ten libros de versos –eso comprobeino eu moitas veces– e naquel momento non había outra cousa, todos os poetas importantes que tiñan algo que dicir mandáronnos os seus poemarios. Quedaron libros que non publicamos, libros de todo o mundo, de Pura Vázquez, de Moreira...

«Benito Soto» morreu porque me deu a gana, é unha cousa que non souben contestarme a min mesmo, mal podo contestar aos demais.

M. – E logo nace «Hipocampo».

S. – Despois foi «Hipocampo», é un pouco o Benito Soto da segunda xuventude, cando teño setenta anos. A cousa foi distinta, eu tiven sempre un especial cariño aos amigos, para min os amigos son o máis importante.

Sempre cando volvía a Pontevedra reuniámonos os de Benito Soto, caíamos todos os meses de xullo, agosto e comíamos e ceabamos un par de veces. O ano anterior a morrer Cuña, Cuña xa non estaba ben, entón Josefina –a súa dona– dixo: «invítovos a comer na miña casa». Reunímonos alí, na casa de Cuña os mesmos. Hai un documento gráfico, un pequeno vídeo no que estamos todos discutindo como se tivesemos dezaioito anos e tiñamos setenta. Entón Rafael Alonso, Negreira, Pepe Ruibal, Cuña e eu (os que quedabamos porque Ferreiro morrera e tamén morrera Luciano del Río que colaborara de forma indirecta). Quedamos eses cinco e eses fomos prolongando o acto «–Hai que botar a navegar a Benito Soto». A cousa que

dou así, pero cando volví a Pontevedra no outono, un día calquera non me acordo, Cuña estaba moi mal. Entonces díxenlle a Negreira: «—Ten un libro de hai moitos anos en castelán». Negreira contestoume: «—Non cho vai dar, non quere, porque non lle debe gustar ou non quere». Como Cuña era un amigo intenteino, fun visítalo —eu ía visítalo sempre— e comenteille: «—Teño na cabeza o de «Benito Soto», pero estiven falando con Negreira e non imos volver chamar Benito Soto». Entón díxenlle a Cuña: «—Imos publicar o teu libro e o de Negreira e empezamos».

Chamámoslo «Hipocampo Amigo», non sei por qué e aí quedou. Cuña ese día chamou a Fita e pediulle «—Dáme o que che dei onte e aí tes o meu texto». Cuña xa non viu esa edición que está publicada como número un.

Esto é un pouco a colección «Hipocampo Amigo», agora imos seguir facendo máis volumes, teño libros para imprimir de Manuel María (libro inédito), unha cousa de Alonso Montero, un libro meu, outro de Virgilio Nóvoa Gil, un personaxe totalmente descoñecido pero que foi amigo noso. Virgilio é un personaxe amigo dos poetas do 27. O primeiro libro é *Silencio* cun poema-prólogo de Machado. O segundo libro *El sueño desanclado*, é un libro importante.

Virgilio é descoñecido totalmente. Tampouco é un poeta como Juan Ramón Jiménez, pero é un poeta aceptable dentro dese esquema, dentro esa época do 27. Era moi amigo, ou incluso protexido, de Gregorio Marañón, porque era sobriño de Nóvoa Santos, e para Marañón este era unha persoa importante. Foi un poeta descoñecido por todos, por min non porque vivín con el, foi redactor do noso periódico *Ciudad*.

Ferreiro tiña poemas seus inéditos pero diabólicos, impublicables. Dionisio Gamallo tamén. Eran xentes da súa idade. Para Gamallo, despois de don Dámaso Alonso, era Virxilio o poeta máis querido. Conta Borobó que cando deu dúas conferencias sobre Virxilio no Ateneo, Gamallo mercou para elas un traxe novo.

M.— Publicacións propias.

S.— Desde que casei no ano 54 houbo un cambio total na miña vida. Encóntrome sen facer nada, sen terminar nada, tiña que pensar un pouco o que tiña que facer. Entón xa empezo un camiño co que poder gañar diñeiro, non para facerme rico senón para

vivir. Antes vivía cos meus pais, non tiña problemas. Entón fun cambiando e claro... estas obrigas...

Fun subdirector dun periódico *Litoral* que fundara en 1952. Despois fun comercial dunha empresa, director xerente doutra, ata que terminei de director xerente aquí en Madrid. Nesa época, pois, poucos versos se poden facer. Na última actividade de director xeral dunha empresa en Madrid, viaxei moito. Tiven moitas horas de soidade e ía facendo notas e poemas. Cando acabei con todo ou todo acabou comigo, non o sei, puiden reunir todas esas carpetas e fun compoñendo algúns libros. Comprendo que son libros que ás veces teñen estruturas non moi modernas, porque son escritos hai trinta ou corenta anos.

Teño sete ou oito libros de entón, ou máis. Terminados sete, me parece que son: tres en galego e catro en castelán. Non son home de prosa, fago algúns contos. Teño un libro de contos en galego. Fixen certo erotismo máxico e non saíu mal. Un día díxenme «a ver se son capaz de facer un par de contos e, superándome, cheguei a quince. Negreira dicía: «— Tes un estilo como che dá a gana». Eu non teño ningún estilo, conto as cousas como me apetece.

Os libros de versos téñoos repartidos en moitos sitios: na colección «Hipocampo Amigo», nas mans de Alonso Montero, a quen llos mandei para que me faga unha crítica porque teño moitas dúbidas de se é poesía.

Sempre digo: «—Son editor de todo o mundo e non teño a ningún que o sexa meu». Teño outros tres ou catro sen terminar en notas, e un que creo que pode ser un libro bonito, son poemas das miñas viaxes, cousas que me pasaron (Florencia, París, Estados Unidos).

M.— ¿Tivo algunha frustración como editor?

S.— Eu nunca pretendín ser editor, editei libros. Si tiven a tentación de montar unha editorial como deus manda. Cando creamos «Benito Soto» fixemos varias coleccións: «Cuaderno de arte galego» e a colección de ensaio «Huguín», en onde escribiu Julián Marías (o primeiro texto que escribiu Julián Marías despois da guerra editámolo nós). Tamén editamos unha cousa sobre pintura, «Notas sobre la pintura de hoy» de Jean Bazaine, que traduciu e prologou Ricardo Gullón. A min divertíame máis outra cousa. Encántame poñer as cousas en marcha, pero levalas cóstame moito traballo, abúrren-

me moito. Uns son cigarras outros formigas, é normal.

M.— ¿Que autores influíron na súa obra?

S.— Negreira di que o que máis é Neruda, posiblemente. Eu son un gran lector dos clásicos. Encántame ler a San Juan de la Cruz, a Quevedo, a Lope de Vega. Tamén son un gran afeccionado ó teatro, seguramente a miña vocación se perdeu por aí.

En Pontevedra, nesa época brillante de Benito Soto, fixemos teatro —unha compañía que se chamou “compañía Valle-Inclán”— e conseguimos cousas moi interesantes. Gustoume sempre o teatro, en especial o teatro clásico. Entre os clásicos encántanme os entremeses de Cervantes, pasos de Lope de Rueda.

O outro día lin *El gran galeote* de Echegaray, como curiosidade porque xa o tiña esquecido. ¿Por que o público desa época se apaixonou tanto que chegou a nobel? Nunha sociedade como era a do século pasado, eso tiña que ser unha revolución. Echegaray era un bo constructor teatral, un bo carpinteiro, sabes que no teatro hai que facer boa carpintería.

Hai oito días dirixín unha obra de teatro entre amigos. O revés da poesía, o teatro debe impactar no público coa actualidade, amordazándoa na súa crítica. Foi nunha festa de amigos, fixemos o ensaio dun día para outro e fixemos unha representación bastante graciosa. É outra das miñas debilidades, menos coñecida.

A Pepe Ruibal influíenlle bastante para que fixese algo en galego e eu axudeille practicamente, fixen un bo labor aí. El ten unha versión da *Celestina* estupenda, eu creo que a mellor adaptación xa que a *Celestina* é moi difícil de comprimir as catro horas de teatro en dúas. Agora que vas ver unha obra de teatro de Lope de Vega e che poñen unha cousa feita agora, coa mentalidade, coas palabras, cos xiros, cos escenarios. ¡Non señor!.

Eu creo que os mellores sonetos da lingua castelá están nas obras de Lope de Vega. Estiven lendo, non hai moito, *Santiago el Verde* e atopei sonetos sobre os celos insuperables, os monólogos de Lope de Vega en sonetos verdadeiramente maravillosos.

Ben, a min gústanme os clásicos e eu non entendo como se pode ser poeta sen ler os clásicos casteláns, claro, nós non temos clásicos galegos. Temos trobadores e logo os do XIX que non valen case nada, agás a nosa querida Rosalía, que eso xa é cousa á parte.

Nunha reunión de poetas novos preguntei «¿non les a Rosalía?» Entonces di un «hai que acabar co mito de Rosalía». Repliquei: «un pouco de seriedade, Rosalía non é un mito señores, é un poeta de tal magnitude con Bécquer e dous máis que quedan do romanticismo». Preguntei se alguén coñecía a Juan Manuel Quintana, o gran poeta do século XIX, o único poeta coronado neste país pola raíña, imitado por todos. ¡Nin deus se acorda de Quintana, non o coñece ninguén...!.

Do século XIX eu teño a primeira antoloxía de poesía galega, publicada na Coruña, que é o *Album da Caridade*, a famosa flor natural, aí están todos os da época. A única que se salva dunha lectura seria neste entonces é Rosalía, os demais...

Son un gran curioso, ás veces na poesía busco e descubro un poema de D. Manuel del Palacio, outro poeta da época de Núñez de Arce, amigo de Lista... A este poeta encárganlle, cando se estrea en España o «Egmón» de Beethoven, un poema como prólogo do concerto. D. Manuel escribe un poema épico, baseado nos comuneros porque os heroes de Beethoven son anticspañois, e foi o triunfador da noite. Era un poema moi malo para a nosa óptica pero moi dentro das estruturas do século XIX.

M.— Sobre a literatura galega contemporánea.

S.— Non estou moi posto, en prosa pouco coñezo. Coñezo o importante, pero non sigo ós novos porque aquí chega moi mal e non son lector en prosa.

É moi importante vivir alí e entrar en contacto coa xente nova. Facer unha reunión anual de poetas, convivir xuntos uns días é bo porque che dá ideas e ponte en contacto coa xente, discutes...

Discutindo con Alonso Montero, eu díxalle que non estou de acordo coa tristeza de Rosalía. Teño esa teima no corpo, eu creo que Rosalía é unha gran finxidora, como gran poeta que é, é unha gran finxidora. O que ela canta é a miseria que ve ó redor, a pobreza, a horrenda Galicia que temos, e canta como é. Pero eso non quere dicir que sinta ou que ela estea así e que estea triste, que teña problemas, a tristeza cos problemas viñeron ó final. O poeta libérase de todo o que o rodea e bota fóra o que leva dentro, indubidablemente peneirado polo seu.

M.— Vostede ¿por que escribe?

S.— Porque é unha especie de enfermidade que tes —eso cóllelo de pequeno ou naces con el— é

unha deformación ou algo así e entón escribes. O que pasa é que son moi preguiçeiro e sempre estou desadestrado, menos uns anos que fixen periodismo... Agora, ás veces, encárganme cousas e podo tardar uha noite en facelo ou meses.

Gústame as cousas curtifiñas, os contos. Son un fabulador e, na miña medida, non me custa inventar unha fábula, que sexa boa ou mala esa é xa outra historia. Teño moitos contos e teño un libro que é como un «Fabulario» porque son historias de animais, o can, o raposo... Son contos bonitos, o que pasa é que son tristes, tráxicos, todos os animais-personaxes morren traxicamente. Sobre un tema doume un esquema e entón todos os contos teñen que repetir o esquema, porque é o que lle dá unidade.

Serán doce ou catorce contos de dez ou doce páxinas cada un. Unhas cento cincuenta páxinas. Pregunteille a Negreira qué lle pareceran. Negreira díxome: «empeceino a ler e ata que non terminei non parei, ata a madrugada estiven lendo, pero o que pasa é que tes un estilo...» Non toco o estilo, o estilo está así. Sempre digo o seguinte: cando unha persoa está facendo un dos actos máis importantes da súa vida que é declarar o amor non anda con estilos, está nervioso, preocupado, repetitivo... e é un acto importante e quen o percibe, percíbeo.

M.- Escrita en galego ou en castelán.

S.- As dúas cousas, son bilingüe. Falo menos galego, gústame falalo, tamén falaba italiano, traducía francés. Os meus pais eran de modesta clase media, pero educáronme con música e francés.

O galego non o practico porque na miña casa ninguén fala galego. Os meus fillos viñeron aquí no bacharelato e en Pontevedra non se falaba moito galego, os meus netos son madrileños. Entón cando o falo, fáloo mal e gustárame falalo mellor, ter un pouco de práctica, de soltura. Gústame falar en galego e gústame escribir en galego, a proba é que as miñas cousas están á metade. O libro de contos está escrito orixinalmente en galego. Teño outro parecido, no mesmo esquema, as noveliñas curtas están en castelán, este fabulario que estou facendo está en castelán.

M.- Autopoética.

S.- Un dos meus grandes poetas é Pablo Neruda. Teño un libro de sonetos en castelán, sonetos

brancos, e o outro día deixellos a Negreira e púxome verde «que te cres Neruda».

Para min Neruda é o gran poeta deste século. A temática de Neruda a min non me interesa nada, pero hai outros libros que me entusiasman, por exemplo *Odas*, os *Sonetos de amor*. Paréceme maravilloso, paréceme que non se poden dicir en poesía cousas máis sinxelas e mellor ditas. Non hai que ir ó Neruda importante senón ó Neruda pequeniño, o insignificante, ese a min paréceme extraordinario.

Como gran lector dos clásicos e dos poetas modernos, a min Lorca gústame, gústame Alberti. Sempre considerei a Alberti como o gran continuador dos clásicos portugueses. Machado gústame moito, os dous. Esas cancións de Manuel, de Andalucía, son unha delicia. Unha cousa popular que é o que fai o pai dos Machado. Eso non quere dicir que escriba como Lorca, porque non son capaz. Influencias de Lorca, Alberti, Juan Ramón... ás veces atópoas nos meus versos.

Agora estou intentando facer uha antoloxía dun poeta pontevedrés moi interesante que, para min, trouxo o modernismo a todos os galegos, Juan Bautista Andrade. É un poeta exquisito, pero moi castelán e agora non o pon ninguén de moda. Entónces a ver se eu... Foi un gran poeta, un home do ano trinta, antes da guerra e hai que facer algo por el.

É un poeta importante, e este libro na miña cabeza é xa moi vello. Un día fomos a Vigo para falar con don Valentín Paz Andrade, sobriño do poeta, e pedirlle o prólogo. Morreu sen facelo e agora non sei quen pode retomalo.

Eu pódoches dicir que da literatura non cobrei nada, cobraba cando estaba dirixindo o periódico e pagaba meu pai, mal ou pouco porque abusaba de que era o seu fillo. Cando fun subdirector con Domingo Dominguín, en *Litoral*, tamén cobrei un bo soldo. Así, colaboracións, pero pagan mal.

Os premios están todos dados politicamente. A xente non só quere levar cartos senón tamén a honra, pero eso é máis difícil. O tempo é o que te prestixia, cando morras e alguén rebusque nos teus papeis e diga «aquí había un tío que dicía cousas interesantes».

Son un pouco diverso, a miña poesía depende dos momentos. Teño un libro publicado sobre o mar da Lanzada, eu estiven na Lanzada. Vivín alí e todos son os pensamentos que xurdían, non as paisaxes senón a propia vida, as meditacións, dentro dun marco. Por eso di «Ondas do mar comigo», é o mar dentro de min, que me fai meditar sobre moitas cousas.

Non sei se estas cousas son boas ou malas, pero son as que inspiran a calquera, agora ou dentro de cen anos, eso dá igual. Ti fas un recordo.

A poesía pode estar corrixíndoa toda a vida, porque é unha maneira de poñer a vida, a poesía vai contigo. As veces hai versos que fas aos dezaoitto anos e cando chegas aos corenta son dunha inxenuidade tan grande que che dá vergoña. Pero se cambias unha palabra, cámbiase todo. Unha soa palabra, un par de palabras, poden perder un poema ou poden ganar un poema. Eu estudiei literatura nas miñas lecturas.

M. – ¿Que é a literatura para vostede?

S. – É un manxar exquisito que, afortunadamente, pertence a uns poucos. Esa especie de banquete no que, desgraciadamente, non interveñen tantos, paréceme que deberían intervir moitos máis, porque creo que sería importante. A literatura non está valorada polos gobernos nin polas culturas. É unha vergoña que o mundo socializase a literatura, a música, as belas artes. Esta socialización é un verdadeiro atropelo. O menos importante na edición dun libro son os dereitos de autor e esta é a arma para falar da barateza dos libros por parte dos editores.

A literatura non está ben vista nin recoñecida porque se estivese recoñecida polos gobernos, polos propios intelectuais que están nos parlamentos.... A literatura non paga impostos, din, pero ti vas dar unha conferencia ou escribes un artigo, retéñenche unha porcentaxe. Eso non é xusto.

M. – Sen embargo está de moda ler, as feiras do libro...

S. – Véndense moitos libros, pero non é suficiente, a metade deses libros non son literatura. Qué é literatura, tampouco sei contestar. A miña definición de poesía é que é un manxar que, desgraciada ou afortunadamente, somos poucos os que estamos na mesa. Agora vai crescendo, fanse máis libros... o 90% das edicións están almacenadas esperando.

M. – *Lecturas.*

S. – Cando era neno pregunteille a Cela qué novelista me recomendaba: «Si, teño un novelista que me encanta e creo que deberíamos ler todos que é W. Saroyan.» Tén libros de contos, compreiño e fun devoto del, aínda que agora ninguén o le porque non se edita.

S. Anderson ten un libro delicioso, non é unha novela. Quíxeno imitar pero non fun capaz e son unha serie de contos, todos encadeados. É unha novela dunha cidade, unha viliña Ohio.

En novelística W. Faulkner, era moi coñecido na nosa época porque tiña unha gran dureza. Hoxe pasa inadvertido, non lle di nada a ninguén.

En Alemania, Hunter Grass, porque lle deron un premio, pero hoxe está abandonado. Thomas Mann xa non o le ninguén, non interesa nada. Pero é un pouco o que cu sinalo da literatura. A min no me importa nada o que din senón cómo se conta a historia, a maneira de mover os personaxes. Gustar da literatura como condimento (son unhas patacas cun pouco de carne) pero cómo se condimenta, eso é a literatura. Agora hai outras preocupacións na xente. A xente non ten ningún sentido do tempo, tanto querer correr que xa non sabes o qué queres.

Temos, en Galicia, un novelista excepcional que é Fernández Flórez. *El bosque animado* é unha novela deliciosa. Un novelista asombroso e os mellores comentarios parlamentarios que se fixeron neste país fíxoos el... A sección que tiña era unha delicia case insuperable, xa quixeran os xornais de hoxe ter un comentarista parlamentario como Fernández Flórez. Pois está aí abandonado.

En Galicia agora hai novelistas novos. A xente non pode aparecer xa como Cervantes, hai que aparecer modestamente.

Quixen sempre facer unha colección de narrativa; o mellor sistema é o conto e a novela curta. Estou seguro de que, ó cabo duns anos, aparecerían unha ducia de novelistas. Eu fágoo se me axudan un pouco. Teño unha colección de novelas e contos de principios de século, cento dez novelas que se publicaban semanalmente e alí está todo o mundo. Todos os escritores do primeiro tercio do século están alí. Era algo que eles fixeron (Valle-Inclán, Cansino... todos) e cobraban algo.

É bonito falar deste, pero poñerse a traballar... Hai un vello proxecto de facer un diario galego, proxecto de Valentín Paz Andrade e Isaac Díaz Pardo. Eu comentáballe a Isaac que non van facer o periódico pero encántanlle falar del. Isaac é un home moi activo. Non sei o que sería Galicia na orde cultural se non fose por Díaz Pardo porque o seu labor é moi importante. Creo que é unha cousa que non se lle está valorando e para min é algo excepcional. O seu labor en Sargadelos foi impresionante, no Castro... en todas partes. Sacri-

ficado, un home dedicado ás súas cousas, que sempre che bota unha man.

M.– *Tertulias.*

S.– Nos meus anos mozos había tertulias. En Vigo, en Santiago, en Pontevedra. Había tertulia no hotel Compostela á que ía Valentín, Emilio Álvarez Blázquez, José María, Laxeiro e outros. Eran froito da tradición. Antes da guerra en Pontevedra foi famosa a do Café Moderno que presidía Castelao. Alí no salón pequeno do café quíxose facer a Capilla Sixtina da arte galega. Foi un proxecto sen froitos.

A nosa tertulia do Birimbao tiña gracia, espírito de vinte anos, con ganas de dicir cousas e de poñerse enfronte de todo. A política cultural local, onde Filgueira era o Gran Mestre, tiñanos enfronte porque non estabamos de acordo. Desde que faltamos nós xa non tivo oposición, empezamos a crecer e a facernos xente respectuosa e acabouse, non houbo xeración seguinte que seguise coa oposición que é importante, sobre todo naqueles momentos que había oscurantismo total. Pódoche dicir que daquela dando unha conferencia, ou escribindo, ou editando, xamais me deron unha peseta, ninguén me deu nada, nin a pedín sequera.

A cultura en Galicia estaba nas localidades de Pontevedra, Vigo, Santiago, Ourense, Lugo... Alí reuníanse Otero, Borobó, Piñeiro... no Derby de noite, nunha tertulia moi bonita.

M.– *A época de «La Noche».*


S.– Si, pero eu xamais publiquei nada. Dicía Borobó que era unha cousa rara que non aparecese eu. Falabamos. Eu andaba buscando outras cousas, nin mellores nin peores, outras. Eu teño, seguramente, o defecto de que nunca me impresionou a letra impresa, debe ser porque nacín nunha imprenta. Para a xente é importante saír no periódico, onde sexa, a min non me preocupa nada eso. Pero todos os sábados ía a fin de semana a Santiago.

M.– *¿E como era o Santiago daquela?*

S.– Era un Santiago moi persoal, máis pequeno. Vouche contar unha anécdota. A miña moza estaba en Santiago e eu ía alí. Un día coincidimos nunha conferencia de D. Ramón Otero Pedrayo, entón díxenlle: «Teño que ir buscar a miña noiva, se veño a Santiago a vela e non a vou ver...» Entón, ó saír da conferencia ben traxeados, todo Santiago creu que nos acababamos de casar. Coñecía-se todo o mundo. Era un Santiago cordial.

M.– *A tertulia Lion D'Or.*

S.– Ía Alonso Montero, Tino Grandío, eu. Grandío era unha persoa interesante gran pintor. Cando casei dixo «non pretenderás que faga un regalo porque ando moi mal de cartos. Espero que aceptes un



cadro.» Pareceume un regalo extraordinario, para min era importante ter un regalo dun amigo. Pero por moitas circunstancias nunca tiven ese cadro.

Tamén ía Dionisio e outra xente. Á tertulia do Gijón ían diversos galegos e había concomitancias cos creadores que estaban ó lado. Eran os últimos reductos da xuventude creadora. Alí estaban García Nieto, Cela... moita xente.

M.— Celso Emilio.

S.— Eu estiven moito con el, ata que marchou a América. Cando el volveu para a redacción dunha revista médica de Madrid. Pero eu ía de noite ó Gijón coa miña muller, faciamos tertulias con catro matrimonios. Laxeiro, con Lola, tamén, cando estaba en Madrid era un contertulio do Gijón. Había moitos galegos.

M.— *Trobas de Nadal*: temática relixiosa.

S.— Estamos falando no Nadal. Non son un home relixioso, o meu nadal é o tradicional, o que ensinaron os meus pais, a miña avoa, sobre todo cando era neno. Son poemas que eu tiña, aquí e alí, e algúns non responden ó que eu quería pero non creo que sexa un libro... pode ser que haxa algún poemíña «O portal silandreiro». Ese gústame, está escrito porque un día fomos a miña muller e eu visitar a unha amiga que tivera un accidente de coche e, na cama, non viviu o nadal. Está composto de retalliños. Gústame, ten un aroma, un candor.

M.— Outras temáticas da súa poesía.

S.— Creo que é cousa vosa. Se analizas os meus libros, que non podes analizar na súa totalidade porque non existen, non están publicados.

O primeiro, *Caderno de Carme*, é un libro xuvenil, amoroso, cursiliño. *Ondas do mar comigo*, algo máis pretencioso, non saíu o que eu quería. Despois teño outros, cada un responde a momentos da miña vida nos que puiden sentir algo, momentos en que cría nunhas cousas, outros en outras.

Trobas de Nadal, comezarei por dicir que non son practicante, sen embargo son admirador da historia de Cristo, que me parece marabillosa. A natividade é o conto mellor contado. Analizas o nacemento de Cristo e eso é perfecto. Ti les a Garcilaso, a creación do mundo dos incas e é a mesma historia, pouco máis ou menos. Pero o conto na historia é unha delicia. Para calquera é moi tentador contar eso.

A poesía está estruturada totalmente dentro do conto da natividade. Os personaxes están todos: a neve, os anxos, os pastores, a virxe, o neno...

Ás veces sae un desaguisado e ás veces saen cousas graciosas.

M.— ¿De que xeración se considera?

A.— Da xeración da miña idade e en Galicia, falando de galegos, da xeración Benito Soto, da posguerra.

M.— Moitas gracias por esta conversa tan agradable e esperamos que ós lectores de *Madrygal* lles guste.